



CLUBE DEPORTIVO  
ATLETISMO  
CHANTADA

## VIII CARREIRA POPULAR DE CHANTADA 10 KM NO CORAZÓN



CONCELLO  
DE  
CHANTADA

DATA: Domingo dia 30 de abril de 2017

HORARIO: Carreira popular e adaptada 10.000m ..... 10:00h  
Carreiras Menores ..... 12:00h

Organiza:  
Clube Deportivo Atletismo Chantada  
Concello de Chantada

### REGULAMETO

Non estará permitido o acompañamento dos participantes mediante o uso de vehículos de axuda. A non observancia desta norma implicará a descalificación dos atletas acompañados.

O dorsal deberá ser colocado visiblemente na parte dianteira do/a corredor/a, sen poder facer ningunha modificación no mesmo.

Na proba absoluta será obrigatoria a utilización do chip de cronometraxe suministrado pola organización excepto para os propietarios de chip amarelo que deben utilizar o seu.

Dado o espírito deportivo e popular desta proba non se admitirán reclamacións.

A organización da proba reservarase a facultade de decidir sobre calquera aspecto ou circunstancia non contemplada neste regulamento

En caso de cancelación do evento por causas alleas a organización, non se devolverá o importe da inscrición.

O descoñecemento deste regulamento non exime do seu cumprimento

### **Cadeiras de rodas**

Todas as cadeiras de atletismo e handbike deberán ter as medidas técnicas autorizadas e usuais. Todas as que presenten novidades que incidan no impulso e velocidade deberán ser examinadas polo comité organizador, que determinará a súa presenza na carreira.

Soamente será permitido un dispositivo mecánico de dirección manual. O atleta deberá ser capaz de virar a cadeira manualmente, de fronte, á dereita e á esquerda.

O deseño das cadeiras de atletismo non deberá incorporar ningún dispositivo para aumentar a súa capacidade aerodinámica; non se permitirán engrenaxes mecánicas ou pancas que poidan ser usados para impulsar a cadeira.

O desprazamento mediante algún método, excepto o empuxe do competidor sobre as rodas ou aros de impulsión, supoñería a súa descualificación.

Ningunha parte da cadeira poderá sobresaír por detrás do plano vertical do bordo posterior das rodas traseiras; os atletas deberán asegurarse de que ningunha parte dos seus membros inferiores toquen o chan ou a pista durante a carreira.

Todos os atletas en cadeira de atletismo e handbike deberán levar obrigatoriamente casco e banderín de visibilidade durante toda a carreira e os seus prolegómenos. Así mesmo, deberán levar unha cámara de reposto, bidón de auga e unha bomba compatible.

Será responsabilidade do competidor que a cadeira de atletismo e handbike estea conforme ás regras arriba indicadas, revisar a bicicleta antes da marcha e non atrasar a carreira mentres fai axustes á cadeira.

A organización non se responsabilizará dos danos que poidan sufrir as bicicletas, cadeiras de atletismo, accesorios ou calquera outro material durante TODA a actividade.

## **DECLARACIÓN D@ PARTICIPANTE**

@ participante, polo feito de inscribirse, acepta todas as cláusulas deste regulamento e manifesta atoparse en perfecto estado de saúde para a proba, non padecendo enfermidades que lle impidan tomar parte na mesma, sendo o corredor/a @ únic@ responsable en caso de accidente ó no cumprir a normativa. A organización declina toda responsabilidade dos danos que os participantes poidan ocasionar durante a proba, tanto a si mesmos como a terceiros.

Tod@s @s participantes estarán cubertos por unha póliza de responsabilidade civil e un seguro de accidentes, que cubrirán as incidencias inherentes da proba, e nunca como derivación dun padecemento ou enfermidade latente, imprudencia, negligencia, inobservancia das leis e articulado do regulamento, etc. A organización declina toda responsabilidade polos danos que @s participantes en esta proba poidan causarse a si mesmos, como a outras persoas polas causas anteriormente citadas.

## **ENTREGA DE DORSAIS E CHIPS DE CRONOMETRAXE CHAMPIONCHIP**

SÁBADO 29: 18:00 a 20:00h

DOMINGO 30: 8:00 a 9:45h

LUGAR: CÍRCULO RECREATIVO E CULTURAL (CASINO)

## CARREIRA ABSOLUTA

Categorías:

Estableceranse as seguintes categorías masculinas e femininas:

Xuvenil..... 2000 e 2001  
Junior..... 1998 e 1999  
Promesa.....1995,1996 e 1997  
Senior.....1983 ata 1994  
Veteráns/as A .....35 a 44 anos  
Veteráns/as B .....45 a 54 anos  
Veteráns/as C .....55 anos e posteriores

### **Cadeiras de rodas**

Cadeira de atletismo

Handbike

## INSCRICIÓNS

A través da Web [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com)  
a partir do 13 de marzo de 2017

Custo da inscrición na carreira absoluta: 4€ de dereitos de inscrición máis 2€ de aluguer de chip para non propietarios de chip amarelo Championchip.

Peche de inscricións o xoves 27 de abril ás 24:00h

Non se aceptan inscricións por teléfono ou fax

Para poder inscribirse on-line serán obrigatorios os seguintes datos:

- DNI con letra
- Nome
- Apelidos
- Data de nacemento
- Sexo
- Clube (no caso de telo)
- Localidade
- Teléfono móbil
- Se é atleta nado/a en Galicia
- Se é atleta empadroadado/a en Chantada

A organización reservase o dereito de non inscribir a quen non cubra correctamente os datos requeridos e, polo tanto, non deixalo participar na proba.

## PREMIOS

### CADEIRAS DE RODAS

Tod@s @s atletas desta modalidade recibirán un recoñecemento pola súa participación

### CARREIRA PEDESTRE 10.000m

1º/1ª Clasificad@ .....Trofeo

2º/2ª Clasificad@ .....Trofeo

3º/3ª Clasificad@ .....Trofeo

1º/1ª, 2º/2ª e 3º/3ª clasificados das categorías:

Xuvenil

Junior

Promesa

Senior

Veteráns/as A

Veteráns/as B

Veteráns/as C

### PREMIOS ESPECIAIS DA CARREIRA ABSOLUTA

1º/1ª Clasificad@ local..... Trofeo

2º/2ª Clasificad@ local..... Trofeo

3º/3ª Clasificad@ local..... Trofeo

Considerarase como local o atleta empadroadado en Chantada.

Trofeo especial para o corredor ou corredora de mais idade.

**Os premios non son acumulables.**

Avituallamento final para tod@s @s atletas que rematen a proba, na zona habilitada pola organización.

### CARREIRAS MENORES

As carreiras de 100 e 500m son participativas e non se tomarán tempos.

A carreira de 2500m. é competitiva e será cronometrada.

### INSCRICIÓNS ( gratuitas)

A través da Web [www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com)

Peche de inscricións o xoves 27 de abril ás 24:00h

Non se aceptan inscricións por teléfono ou fax

Para poder inscribirse tanto por correo electrónico como presencialmente serán obrigatorios os seguintes datos:

- DNI con letra se ten
- Nome
- Apelidos
- Data de nacemento
- Clube (no caso de telo)
- Localidade

A organización reservarase o dereito de non inscribir a quen non cubra correctamente os datos requeridos e, polo tanto, non deixalo participar na proba.

#### PERCORRIDOS:

Chupete e Pitufos: 12:00h .....(nados entre 2010 e 2014)..... 100m. aprox.  
Benxamín e Alevín 12:10h (nados entre o 2006 e 2009)..... 500m. aprox.  
Infantil e Cadete 12:25h:...(nados entre 2002 e 2005)..... 2500m.aprox

#### PREMIOS CARREIRA 2500m

1º/1ª Clasificad@ .....Trofeo  
2º/2ª Clasificad@ .....Trofeo  
3º/3ª Clasificad@ .....Trofeo

Tod@s @s nen@s que participen nas carreiras menores recibiran unha medalla conmemorativa e avituallamento ao remate de cada proba.

#### ENTREGA DE DORSAIS E CHIPS DE CRONOMETRAXE CHAMPIONCHIP

SÁBADO 29: 18:00 a 20:00h

DOMINGO 30: 8:00 a 9:45h

LUGAR: CÍRCULO RECREATIVO E CULTURAL (CASINO)

#### INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O ATLETA

Duchas: Estarán a disposición d@s atletas nas instalacións das piscinas municipais,.

#### Proba puntuable para o circuito correrengalicia

#### INFORMACIÓN E RESULTADOS

**[www.10nocorazon.com](http://www.10nocorazon.com)**  
**[www.championchipnorte.com](http://www.championchipnorte.com)**  
**[www.correrengalicia.org](http://www.correrengalicia.org)**